

Martes, 31 de outubro de 2023

Núm. 210

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Persoal, oposicións

ADXUDICACIÓN DA PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, NA ÁREA DE XESTIÓN PATRIMONIAL E TERRITORIAL, SERVIZO DE PATRIMONIO, MEDIANTE O SISTEMA DE COMISIÓN DE SERVIZOS

ANUNCIO

*ADXUDICACIÓN DA PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, NA ÁREA DE XESTIÓN PATRIMONIAL E TERRITORIAL, SERVIZO DE PATRIMONIO, MEDIANTE O SISTEMA DE COMISIÓN DE SERVIZOS
(EXPTE. 42621/220)*

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, o 17 de outubro de 2023, adoptou a seguinte resolución:

“PRIMEIRO.— Resolver a convocatoria para a provisión temporal en réxime de comisión de servizos do posto de traballo vacante, “Técnico Administración xeral”, no Servizo de Patrimonio e que de seguido relacionase:

- *Denominación:* Técnico/a administración xeral
- *Relación emprego:* funcionario
- *Referencia posto:* 2400103
- *Subgrupo de titulación:* A1
- *Nivel de CD:* 26
- *Nivel de CE:* 680
- *Importe anual CE:* 20634,46 euros
- *Tipo:* non singularizado
- *Escala:* Administración Xeral
- *Subescala:* Técnica Superior
- *Titulación requirida:* Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado mediante Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- *Formación específica:* ningunha
- *Forma de provisión:* concurso

SEGUNDO.— Nomear con cargo ao posto de traballo de “Técnico de Administración Xeral” a d. L.J. Mosquera Docampo, con DNI ***93210**, quedando condicionado o nomeamento á remisión



Martes, 31 de outubro de 2023

Núm. 210

pola Administración de orixe de informe favorable. Unha vez recibido o informe, que deberá ser remitido no prazo legalmente establecido, a toma de posesión deberá producirse no prazo de tres días desde a notificación do acordo no suposto de que a comisión non implique cambio de residencia do/da funcionario/a; si implica cambio de residencia, o prazo será de oito días; tendo a comisión de servizos efectos administrativos e económicos dende a toma de posesión.

TERCEIRO.— A duración da comisión de servizos será a necesaria para cubrir durante o período transitorio que transcorra ata a convocatoria da provisión definitiva do posto vacante “Técnico/a administración xeral”; todo en base á inaprazable e urxente necesidade alegada pola Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e en todo caso coa duración máxima de 1 ano prorrogable por outro nos termos do marco normativo de aplicación.

CUARTO.— Dispoñer que se proceda á súa provisión definitiva polos procedementos legalmente establecidos, mediante a correspondente convocatoria polo sistema que resulte procedente.

QUINTO.— Ordenar a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, Boletín Oficial da Provincia, web do Concello de Vigo e Taboleiro de anuncios e edictos.

SEXTO.— Notificar a presente aos interesados J.L. Mosquera Docampo, con DNI **93210** e M. Viturro Gómez.— con D.N.I. **29243**; á Área de Xestión Patrimonial e Territorial ao persoal técnico, Inspección e grupo dous da Área de Recursos Humanos e Formación, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Secretaría Xeral (Pleno e Xunta de Goberno Local) e Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos.

SÉTIMO.— Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para coñecemento, ordenando a publicación da resolución da convocatoria no Taboleiro de anuncios e edictos, web municipal e boletíns para público coñecemento do persoal municipal e da representación sindical.

Contra a presente resolución, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.”

Vigo, data da sinatura electrónica. A Xefa de Recursos Humanos e Formación.— María Dapena Gómez.

Conforme:

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023).— María Olga Alonso Suárez. A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).— Patricia Rodríguez Calviño

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: KP9DR7NO53ZZA01A

